

CONTRATACIÓN POR PARTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE FEIRAS E EXPOSICIÓN DE OURENSE- EXPOURENSE, DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE MARKETING DIXITAL E UN VIDEO PROMOCIONAL DOS RECINTOS FEIRAIS E EXPOSITIVOS DA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL PARA O PROXECTO DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA DIGITAL_ EXPO ENMARCADO NO PROGRAMA OPERATIVO FEDER INTERREG VI-A ESPAÑA- PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027.

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE E IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN

1. NECESIDADE DO CONTRATO

O pasado mes de decembro de 2025, foi notificado polo do Comité Territorial de POCTEP a aprobación da candidatura do proxecto 0447_Digital_Expo_1_E de cooperación transfronteiriza enmarcado no programa operativo FEDER INTERREG VI-A España-Portugal 2021-2027. A súa denominación completa é “Dixitalización intelixente e conectada a os recintos feirais e centros expositivos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal”. O proxecto sitúa a os recintos feirais e centros expositivos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal como impulsores activos de procesos de transformación dixital, tanto da súa propia actividade operativa como das pequenas e medianas empresas do outros sectores que conforma o tecido económico deste territorio transfronteirizo. Para levar a cabo dito proxecto está contemplado o servizo de asistencia técnica para a elaboración do plan de marketing dixital e de un vídeo promocional dos recintos de feiras e exposicións da Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal por parte da Fundación Publica Galega de Feiras e Exposicións de Ourense, detallado no prego de prescricións técnicas, sendo necesaria a súa contratación mediante procedemento aberto simplificado.

2. OBXECTO DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto a prestación so servizo de asistencia técnica para a elaboración do plan de marketing dixital e de un vídeo promocional dos recintos de feiras e exposicións da Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal inscrita na actividade 4 do proxecto cuxo obxectivo é aproveitar o coñecemento e os resultados xerados no marco de DIGITAL_EXPO para implementar un plan de marketing dixital que permita mellorar o posicionamento dos recintos feirais e expositivos da Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal como espazos innovadores, co obxecto derradeiro de maximizar as posibilidades de captación de expositores e público final para os diferentes eventos en axenda a corto, medio e largo prazo.

A presente contratación tipifícase como contrato de servizos de acordo co artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (de agora en diante LCSP), é de natureza privada de acordo co artigo 26.1.b), rexerase en canto a súa preparación e adxudicación pola LCSP e no que respecta aos seus efectos, modificacións e extinción polo dereito privado.

3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O orzamento máximo de licitación autorizado para a presente contratación ascende a DEZANOVE MIL CINCOCENTOS CON OITENTA E NOVE EUROS (19.500,89 € IVE excluído) gasto máximo que realizará a Fundación en virtude do contrato, quedando limitado o gasto real ao que resulte da selección das proposicións más vantaxosas.

Para todos os efectos, entenderase que o devandito orzamento de licitación comprende todos os gastos directos e indirectos que o contratista deba realizar para a normal execución do servizo e toda clase de impostos directos e indirectos.

De acordo co artigo 101 da LCSP, o valor estimado do contrato fíxase en 19.500,89 €

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación deste.

4. EXISTENCIA DE CRÉDITO

O importe previsto financiarase con fondos da Fundación Pública Galega de Feiras e Exposicións de Ourense con cargo aos orzamentos para o ano 2026.

5. DETERMINACIÓN DO PREZO

O prezo determínase por importe máximo de 23.596,07 euros,(IVE incluído) que se debe presentar desgregado segundo o resumen que se reflicte no prego de cláusulas administrativas e técnica que rexen a contratación.

6. PRERIODO DE EXECUCIÓN

O período de execución será de 15 meses, ata o 31 de decembro de 2027.

7. CLASIFICACIÓN E CONDICIÓN MÍNIMAS DE SOLVENCIA

De conformidade co disposto no artigo 77.1.b) da LCSP non se esixe clasificación.

En consecuencia, para garantir a solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, e ao mesmo tempo dar cumprimento aos principios de concorrencia e igualdade de trato, será suficiente que os licitadores acrediten a súa solvencia polos medios que figuran no apartado 6.3 Solvencia económica e técnica, do prego de prescricións administrativas e técnicas.

Considéranse necesarios os importes mínimos esixidos dado o obxecto e as características da presente licitación.

8. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS E PARÁMETROS PARA APRECIAR AQUELAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Establécense criterios cuantificables avaliados mediante aplicación de fórmulas matemáticas ata un máximo de 75 puntos dos que como máximo 65 puntos serán para a oferta económica máis vantaxosa e 10 puntos para a oferta que presente unha mellora no número de profesionais participantes no proxecto con perfís adicionais aos esixidos.

Os criterios para determinar que unha oferta poida considerarse anormal ou desproporcionada son as establecidas no artigo 149 da LCSP.

9. PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN E TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

A contratación que se vaia realizar tipifícase como contrato de servizos de acordo co artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (de agora en diante LCSP), é de natureza privada de acordo co artigo 26.1.b), rexeráse en canto a súa preparación e adxudicación pola LCSP e no que respecta aos seus efectos, modificacións e extinción polo dereito privado. De acordo ás especificacións do contrato a tramitación será por procedemento aberto simplificado segundo o establecido no artigo 159 da LCSP.

Á vista do anteriormente exposto, e nos termos expresados nesta memoria xustificativa, propónse ao órgano de contratación o inicio do expediente de contratación de servizo de asistencia técnica para a elaboración dun plan de marketing dixital e de un vídeo promocional dos recintos feirais e expositivos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal recollido no programa DIGITAL_EXPO e de acordo ás especificacións establecidas no prego de prescricións administrativas e técnicas.

Ourense, 28 de maio de 2026

Interventora
Cristina M^a Álvarez Bermejo

